



Guía Docente

Datos Identificativos					2018/19
Asignatura (*)	Estancias Prácticas V		Código	653G01307	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Ciencias Biomédicas, Medicina e FisioterapiaCiencias da Saúde				
Coordinación	Canosa Domínguez, Nereida María	Correo electrónico	nereida.canosa@udc.es		
Profesorado	Calvo Leira, María Pilar	Correo electrónico	m.calvo.leira@udc.es		
	Canosa Domínguez, Nereida María		nereida.canosa@udc.es		
	Díaz Romero, Paula		paula.diaz.romero@udc.es		
	García Gonzalo, Nuria		nuria.garcia.gonzalo@udc.es		
	García Pinto, María del Carmen		carmen.garcia.pinto@udc.es		
	Groba Gonzalez, Betania		b.groba@udc.es		
	Rosende Celeiro, Iván de		ivan.de.rosende.celeiro@udc.es		
	Talavera Valverde, Miguel Angel		miguel.angel.talavera.valverde@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>Esta materia pretende o desenvolvemento de competencias que permitan o alumando comprender e aplicar coñecementos relacionados coa práctica clínica e/ou comunitaria da Terapia Ocupacional no adulto con disfunción na saúde mental.</p> <p>Descriptor:</p> <p>Estadías prácticas para aplicar teorías, fundamentos, metodoloxía, técnicas, avaliacións e valoracións de Terapia Ocupacional, traballando axeitadamente, en equipo e desenvolvendo as funcións e destrezas propias deste profesional en diferentes eidos, centros, hospitais, institucións e grupos sociais e poblacionais.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Desenvolver as habilidades prácticas necesarias par poder desempeñar actividades profesionais como terapeuta ocupacional, de acordo ás competencias seleccionadas. En definitiva ampliar coñecementos e capacidade para aplicar: a teoría e a práctica de Terapia Ocupacional, as ocupacións terapéuticamente e as Actividades da Vida Diaria terapéuticamente en todas as áreas de desempeño ocupacional.	A5 A9 A15 A21 A22 A24	B6	C1 C4 C6
Observar, analizar e reflexionar sobre aa relación terapéutica en terapia ocupacional. E, á vez, desenrolar a capacidade para unha comunicación efectiva co usuario, familias, grupos sociais e outros profesionais; capacidade para establecer unha relación de empatía col usuario, familia, grupos sociais e outros profesionais; e desenvolver capacidades para permitir que os usuarios e os cuidadores expresen as súas preocupacións e intereses e que poidan responder axeitadamente.	A17 A18 A23	B5 B7 B17 B37	C1
Observar, identificar, analizar e reflexionar sobre o perfil de usuario dos servizos de terapia ocupacional.	A6 A12 A13	B1 B17	C1 C4



Observar, identificar, analizar e reflexionar sobre as técnicas utilizadas.	A9	B5 B18 B29	C6
Desenvolver razoamentos e habilidades de orde superior en xuízo profesional y na toma de decisións.	A10 A14	B9 B17	C4 C6
Desenrolar habilidades de exploración dos recursos de investigación en apoio á investigación e á practica basada na evidencia.	A13 A28	B22 B24	C1 C4
Capacitar ao estudante para ser un profesional autónomo que valora a súa contribución ao equipo e ao servizo.	A16 A19 A31	B4 B17	C1 C4
Inculcar unhas habilidades para ?a aprendizaxe ó longo da vida? e dun desenvolvemento profesional continuo; e un recoñecemento da importancia destes.	A20	B6	C1 C4 C7
Desenvolver capacidades para: sintetizar un abanico de información que permita determinar si a persoa é susceptible de recibir tratamento de Terapia Ocupacional. Recoñecer e interpretar signos de función-disfunción da persoa en valoración y diagnóstico ocupacional. Asi como a capacidade para responder ás necesidades do usuario, avaliando, planificando e desenvolvendo programas individualizados mais apropiados xunto á persoa e o seu entorno, cuidadores e familias, e outros profesionais. En definitiva, utilizar o razoamento clínico revisando e reaxustando o tratamento.	A7 A8	B23	C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. O proceso de intervención da Terapia Ocupacional no eido dos Adulto II. Estadías Prácticas altamente dirixidas polos terapeutas ocupacionais docentes/titores dos centros conveniados. Nivel intermedio.	Aplicación de teorías, fundamentos, metodoloxías, técnicas, avaliacións e valoracións de Terapia Ocupacional, traballando axitadamente co equipo e desenvolvendo as funcións e destrezas propias deste profesional.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos		22	10	32
Portafolios do alumno		4	10	14
Prácticas clínicas		80	0	80
Recensión bibliográfica		2	14	16
Actividades iniciais		4	0	4
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo. Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.



Portafolios do alumno	<p>É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que lle permite visualizar o progreso do alumno. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resúmenes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p>
Prácticas clínicas	<p>O ensino clínico pode entenderse como un proceso instrucional que ten lugar nun ambiente natural relacionado co exercicio dunha profesión, no que os estudantes observan e participan en actividades clínicas deseñadas para proporcionarlles oportunidades que supoñen a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica da mesma.</p> <p>As prácticas clínicas serán realizadas en todos aqueles centros conveniados coa Facultade de Ciencias da Saúde que teñan relación co ámbito dos adultos con discapacidade física.</p> <p>A asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria. En caso de que o alumno non poida acudir puntualmente algún día, segundo o calendario de prácticas establecido, deberá comunicalo tanto o centro conveniado como ó coordinador responsable da materia.</p>
Recensión bibliográfica	<p>A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación á literatura existente sobre o tema. Unha recensión non supón un resumo da obra, nin unha mera análise do contido, pois o que lle outorga sentido e dimensión académica científica é a crítica que merece a xuízo do autor da recensión, en relación a outras obras coñecidas do mesmo ámbito ou en relación a súa propia experiencia.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p>
Actividades iniciais	<p>Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Portafolios do alumno Prácticas clínicas Recensión bibliográfica Actividades iniciais	A atención personalizada farase mediante titorías personalizadas directas e virtuais, individuais e/ou grupais; previo consenso horario co Profesor/a.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos		Se valorará, además de los conocimientos adquiridos, la capacidad de expresión escrita del alumno (evaluando de forma negativa los errores gramaticales y ortográficos), la integración de conceptos y la capacidad de resolución de problemas	20



Portafolios do alumno		Se valorará, además de los conocimientos adquiridos, la capacidad de expresión escrita del alumno (evaluando de forma negativa los errores gramaticales y ortográficos), la integración de conceptos y la capacidad de resolución de problemas	15
Prácticas clínicas		Se valorará: la puntualidad, la asistencia, la responsabilidad, la iniciativa, el interés, la actitud ante las normas, la relación con el usuario, la relación con el equipo de profesionales, la integración y la aplicación de conceptos teóricos-prácticos adquiridos previamente, las destrezas y los conocimientos adquiridos.	60
Recensión bibliográfica		Se valorará, además de los conocimientos adquiridos, la capacidad de expresión escrita del alumno (evaluando de forma negativa los errores gramaticales y ortográficos), la integración de conceptos y la capacidad de resolución de problemas.	5

Observacións avaliación

O sistema de cualificacións exprésarase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 del Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspenso 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable 9-10=Sobresaliente 9-10 Matrícula de Honra (Graciable).

Para aprobar a materia, o/a alumno/a debe participar activamente nas metodoloxías propostas, entregar todos os traballos e acadar unha nota global mínima de 5 e ter superadas polo menos a metodoloxía de Prácticas Clínicas e Estudio de Casos. Para iso, será necesario ter unha cualificación mínima de 3,5 puntos (sobre 6) na metodoloxía prácticas clínicas e unha cualificación mínima de 1 punto (sobre 2) na metodoloxía estudo de casos, e só se terán en conta para a cualificación final as notas das outras metodoloxías, se o/a alumna/a acadara dita puntuación nas mencionadas metodoloxías. En caso contrario, a nota da convocatoria corresponderá á da metodoloxía suspensa correspondente (nota obtida nas Prácticas clínicas ou Estudo de Caso). No caso de non superación da materia na primeira convocatoria, o/a estudante, deberá repetir a entrega de traballos e participar de novo nas metodoloxías propostas durante a segunda oportunidade (xullo).

Segundo a norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos/as estudantes de grao na Universidade da Coruña (aprobada no Consello de Goberno do 22/05/2012), cando un estudante teña recoñecida a súa condición de matrícula a tempo parcial, ten dereito a gozar dun réxime de asistencia a clase de carácter flexible e a solicitar a dispensa académica especial establecida no artigo 4 (apartado 5) de dita norma, en tanto non afecte negativamente ao proceso de avaliación do/a estudante. A ese efecto, as Comisións Académicas dos diferentes centros da UDC concretan o alcance da citada dispensa.

Por tanto, a concesión á solicitude de dita flexibilidade quedará á expensas da valoración e decisión da comisión académica do grao de Terapia Ocupacional, tendo en conta as metodoloxías e criterios de avaliación das materias.

Fontes de información

Bibliografía básica
A bibliografía de referencia dependerá das especificacións dos/as profesores/as ou titores/as do centro de prácticas. Como orientación xeral, recoméndase a consulta das fontes de información referenciadas na materia ?Terapia Ocupacional para a Autonomía Persoal no Adulto con Disfunción na Saúde Mental?. Para a elaboración do portafolios do alumnado, recoméndase o emprego e aplicación do Ciclo Reflexivo de Gibbs: Gibbs, G. (1988). Learning by Doing: A Guide to Teaching and Learning Methods. Oxford: Oxford Further Education Unit (<https://hhs.hud.ac.uk/lqsu/Sessionsforall/supp/Gibbs%201988%20reflective%20cycle.pdf>)

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



1.- Para axudar a conseguir un contorno inmediato sostible e cumprir co obxectivo estratéxico 9 do " I Plan de Sostibilidade Medio-ambiental Green Campus FCS", os traballos documentais que se realicen nesta materia:a.- Na súa maioría se solicitarán en formato virtual e soporte informático.b.- De realizarse en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a impresión de borradores.2.- A docente responsable resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou outros aspectos que serán notificados aos estudantes coa suficiente antelación.3.- Para a correcta planificación das Estancias Prácticas, realízanse, de forma previa ó comezo da materia (segundo o calendario oficial), varias reunións de coordinación académica:- Actividades iniciais: Establecemento de grupos de prácticas e elaboración de rotatorios: Reunión da coordinadora da materia cos/as alumnos/as matriculados/as para a presentación dos recursos de prácticas e organización dos grupos de estudantes.- Coordinación de la docencia: Encontro entre a coordinadora da materia e os/as profesores e titores/as terapeutas ocupacionais dos recursos de prácticas, previo ó inicio das mesmas e de forma posterior.- Actividades de peche.4.- Normas mínimas:Os/as alumnos/as deberán cumprir unhas normas xerais básicas de uniformidade, identificación persoal, puntualidade e respecto ós usuarios, profesionais e instalacións do recurso de prácticas.Ademais, deberanse respetar as pautas mínimas específicas que cada centro estableza para o correcto desenvolvemento das estancias prácticas.5.- A docente responsable da materia aplicará a correspondente normativa da UDC ante a detección de calquera tentativa de plaxio motivada por un/unha estudante da materia no desenvolvemento dos seus traballos.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías